

Criterios de calificación e avaliación

Xeografía - 2º Bacharelato

Sistema de avaliación

Porcentaxe	Instrumento
90% da cualificación	Exames tipo PAU: pregunta competencial, preguntas prácticas, definicións
10% da cualificación	Traballo diario baseado en exercicios prácticos, definicións, etc.

- Na materia de Xeografía **a avaliación será progresiva**, é dicir, que en cada momento do curso estase a traballar e avaliar todo o anteriormente traballado ao longo del. Así, o alumnado poderá recuperar/mellorar a súa nota nas sucesivas avaliacións parciais. Os resultados dos exames e do traballo diario serán rexistrados polo profesorado.
- **Os exames poderán ser fraccionados** (definicións e teoría nunha sesión e exercicio/s práctico/s noutra).
- **A ortografía será tida en conta** como norma xeral, tanto no traballo diario como nos exames, podendo supoñer neste último caso **ata 1 punto menos** na cualificación (cada falta de ortografía restará 0,10 puntos).
- Se un alumno/a non comparece a un exame debe presentar un **xustificante oficial** para que se lle realice outro día a proba. De non ser así, entenderase que declina no seu dereito a ser examinado e será cualificado cun cero nese exame. Se a falta está debidamente xustificada realizarase, se é posible, o exame noutra data, e se non fose posible faríase un exame oral. Se un alumno/a, sen causa xustificada, chega tarde a un exame disporá só do tempo que reste para a finalización do mesmo. Se no exame da convocatoria extraordinaria non se presenta á hora establecida, non se lle realizará outro.
- Se un alumno/a introduce folios xa escritos ou é sorprendido **copiando ou intentando copiar** no exame (xa sexa do libro, apuntamentos, chuletas ou mediante o móbil, reloxo...), se lle retirará o exame, que será cualificado cun cero.
- **En ningún caso haberá probas extra** para subir nota.

Criterios de calificación

No marco da avaliación progresiva, o alumnado terá como **nota final ordinaria a nota da terceira avaliación**, composta do 90% das probas escritas e do 10% do traballo diario. **Nos casos nos que se produza unha diminución da calificación na terceira avaliación, teranse en conta as notas anteriores, facendo media aritmética entre as tres.**

O alumnado que suspenda a avaliación ordinaria terá **dereito a realizar unha proba extraordinaria** nas datas que se establezan polo centro educativo. A proba escrita será do mesmo tipo que as desenvolvidas ao longo do curso, avaliarase sobre unha nota máxima de 10, e para superala o alumno deberá acadar unha nota igual ou superior a un 5.

Entre o período da avaliación final ordinaria e a extraordinaria o alumnado realizará **actividades de reforzo**, como base para a preparación da proba escrita final.

Mínimos esixibles

- ***Corrección na expresión oral e escrita***, tanto na forma (caligrafía, marxes, limpeza) como na ortografía, na gramática e no léxico.
- ***Exposición coherente*** e intelixible das ideas.
- Coñecemento e ***uso preciso do vocabulario xeográfico***. Definición e uso correcto dos conceptos.
- Empregar a ***escala apropiada para localizar ou representar***, co apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos.
- ***Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas*** analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelación de factores físicos e humanos.
- ***Cuestionar modos de vida insustentables*** mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros.
- ***Valorar todo o impacto da acción antrópica*** desde o principio de sustentabilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.